



# INFORME SOBRE AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliacións medias en xaneiro de 2023

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023

## 1.- Información xeral

O número medio de afiliacións<sup>1</sup> ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de xaneiro do ano 2023 acadou a cifra de 1.030.738 para o total do sistema, o que supón un descenso respecto ao pasado mes de decembro de 2022 de 11.525 afiliacións (-1,11%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 20.081.224, rexistrando un descenso do 1,06% con respecto ao pasado mes de decembro.

Na comparativa interanual (xaneiro de 2023 con xaneiro de 2022) obsérvase un aumento de 8.784 afiliacións no total do sistema en Galicia (0,86%) e un aumento do 2,31% (454.063 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de decembro de 2022, rexístrase unha baixada das afiliacións en todas as comunidades autónomas, sendo Extremadura, Comunitat Valenciana, Cantabria, Illes Balears, Murcia, Castilla La Mancha, Asturias, Castilla y León, Canarias e Galicia as que presentan baixadas relativas superiores á media nacional. En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos más acusados prodúcense en Canarias, Illes Balears e Madrid con taxas superiores ao 3,50%.


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓN POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA XANEIRO 2023	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	20.081.224	-215.047	-1,06	454.063	2,31
Galicia	1.030.738	-11.525	-1,11	8.784	0,86
Andalucía	3.282.305	-30.014	-0,91	60.096	1,87
Aragón	587.412	-4.476	-0,76	5.948	1,02
Asturias	368.115	-4.382	-1,18	1.522	0,42
Illes Balears	451.815	-6.206	-1,35	17.822	4,11
Canarias	865.597	-9.977	-1,14	43.617	5,31
Cantabria	220.653	-3.166	-1,41	1.499	0,68
Castilla La Mancha	744.792	-9.512	-1,26	4.229	0,57
Castilla y León	929.448	-11.030	-1,17	7.397	0,80
Cataluña	3.578.142	-37.637	-1,04	95.629	2,75
Comunitat Valenciana	2.041.479	-31.549	-1,52	50.048	2,51
Extremadura	398.658	-6.415	-1,58	1.146	0,29
Madrid	3.497.041	-27.331	-0,78	130.659	3,88
Murcia	623.712	-8.123	-1,29	9.041	1,47
Navarra	297.491	-2.476	-0,83	4.306	1,47
País Vasco	984.315	-9.762	-0,98	10.729	1,10
La Rioja	132.660	-1.205	-0,90	1.075	0,82
Ceuta e Melilla	46.851	-262	-0,56	516	1,11

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

<sup>1</sup> O Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala más estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.





Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## 2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas agás en Lugo. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 1,35%, o que supón 5.938 afiliacións máis, seguida de Pontevedra (0,68%) e Ourense (0,68%). Pola contra, Lugo presenta unha taxa de variación interanual negativa (-0,25%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de xaneiro con respecto ás do mes de decembro, rexistrouse en Galicia un descenso do 1,11%. A Coruña presenta o maior descenso cunha taxa de variación intermensual do -1,21%, seguida de Pontevedra (-1,09%), Lugo (-0,95%) e Ourense (-0,87%).

**Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓN DAS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS**

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA XANEIRO 2023	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	445.427	-5.465	-1,21	5.938	1,35
LUGO	121.309	-1.164	-0,95	-299	-0,25
OURENSE	103.014	-902	-0,87	697	0,68
PONTEVEDRA	360.988	-3.994	-1,09	2.448	0,68
<b>GALICIA</b>	<b>1.030.738</b>	<b>-11.525</b>	<b>-1,11</b>	<b>8.784</b>	<b>0,86</b>
<b>ESPAÑA</b>	<b>20.081.224</b>	<b>-215.047</b>	<b>-1,06</b>	<b>454.063</b>	<b>2,31</b>

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones




### 3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 78,25% das afiliacións galegas en xaneiro de 2023, diminuíu un 1,17% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 1,48%. En España estas taxas foron do -1,14% con respecto a decembro de 2022 e do 2,82% en relación ao mes de xaneiro de 2022. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (72,59%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, as catro provincias galegas amosan unha taxa de variación interanual negativa; Lugo (-2,25%), Ourense (-2,18%), A Coruña (-1,31%) e Pontevedra (-0,99%). A media da comunidade galega sitúase entón no -1,45%. Para este réxime e con respecto ao mes de decembro de 2022, baixan as catro provincias galegas; Ourense (-0,74%), A Coruña (-0,66%), Lugo (-0,63%) e Pontevedra (-0,50%), resultando para o conxunto de Galicia unha taxa intermensual do -0,61%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha baixada interanual do 0,14% e unha baixada intermensual do 0,62%.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a xaneiro de 2022, sube Pontevedra (1,22%) e baixan Lugo (-2,69%) e A Coruña (-1,21%). A taxa galega acada entón o 0,25%, inferior á de España (0,51%). Con respecto a decembro de 2022, A Coruña presenta un descenso do 8,54%, seguida de Lugo e Pontevedra que presentan un descenso do 4,19% e 1,37% respectivamente. A taxa galega amosa un descenso do 3,64% con respecto a decembro de 2022. A taxa nacional é do -2,85%.




Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA XANEIRO 2023	VARIACIÓN RELATIVA	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
<b>TOTAL SISTEMA</b>			
A CORUÑA	445.427	-1,21	1,35
LUGO	121.309	-0,95	-0,25
OURENSE	103.014	-0,87	0,68
PONTEVEDRA	360.988	-1,09	0,68
GALICIA	1.030.738	-1,11	0,86
ESPAÑA	20.081.224	-1,06	2,31
<b>R. XERAL</b>			
A CORUÑA	356.609	-1,22	2,04
LUGO	88.059	-1,01	0,54
OURENSE	80.384	-0,90	1,52
PONTEVEDRA	281.522	-1,22	1,06
GALICIA	806.574	-1,17	1,48
ESPAÑA	16.713.844	-1,14	2,82
<b>R. ESPECIAL AUTÓNOMOS</b>			
A CORUÑA	83.577	-0,66	-1,31
LUGO	31.832	-0,63	-2,25
OURENSE	22.629	-0,74	-2,18
PONTEVEDRA	66.926	-0,50	-0,99
GALICIA	204.964	-0,61	-1,45
ESPAÑA	3.307.603	-0,62	-0,14
<b>R. ESPECIAL DO MAR</b>			
A CORUÑA	5.242	-8,54	-1,21
LUGO	1.418	-4,19	-2,69
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.540	-1,37	1,22
GALICIA	19.200	-3,64	0,25
ESPAÑA	58.801	-2,85	0,51

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

#### 4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones



## **Notas metodolóxicas**

**Traballadores afiliados:** a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á "Tesorería General de la Seguridad Social" e ao "Instituto Social de la Marina". A explotación é efectuada pola "Gerencia de Informática de la Seguridad Social".

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTATÍSTICA



INFORME SOBRE AS AFILIACIÓNS MEDIAS Á SEGURIDADE SOCIAL. Xaneiro 2023